



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº4/2017, ORDINARIA, REALIZADA O 25 DE MAIO DE 2017.**

## ASISTENTES

### **Presidente**

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

### **Concelleiros/as**

#### **Grupo municipal do PP**

DUARTE GERPE, Florinda

RAMILO VARELA, Margarita (Incorpórase ás 12:07 horas)

GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso

BARBEITO REY, Carlos

MONTES MARTÍNEZ, José Manuel

REGUEIRA MOAR, Rubén

#### **Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

COUTO LÓPEZ, Pablo

BLANCO FIDALGO, Patricia

RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria

ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

#### **Grupo municipal mixto**

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

#### **Interventora do Concello**

Noemí González Mato

Secretario do Concello

Diego García Doval

## NON ASISTE

CETINA MOCHALES, Jesús Javier (PSdeG-PSOE)

**HORA DE INICIO:** 12:04

**HORA DE REMATE:** 13:03

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:04 horas do 25 de maio de 2017, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 22 de maio de 2017, e segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense na sesión 3/2017, de carácter ordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

## **ORDE DO DÍA**

### **Parte resolutiva da sesión**

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior ( nº 3/2017, ordinaria, do 30 de marzo de 2017).
- 2.- Proposta de resolución de reclamación contra a aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o ano 2017, e de aprobación definitiva deste.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

## Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 3.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 4.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 5.- Rogos e preguntas.

## PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

Antes de comezar a sesión, o señor Alcalde indica que a señora Ramilo Varela se incorporará un pouco máis tarde, por atoparse arestora nun acto relacionado co premio de poesía do Concello.

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ( Nº 3/2017, ORDINARIA, DO 30 DE MARZO DE 2017).**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 3/2017, ordinaria, do 30 de marzo de 2017 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

### **2.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2017, E DE APROBACIÓN DEFINITIVA DESTE.**

#### **EXPOSICIÓN**

No expediente da sesión consta a seguinte reclamación ao orzamento xeral do Concello para 2017, aprobado inicialmente na sesión plenaria realizada o 30 de marzo de 2017, e presentada polo señor voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE (rexistro de entrada nº 832, do 18 de abril de 2017), como segue:

#### **“GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CARRAL**

#### **ALEGACION AO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CARRAL PARA O 2017**

O concelleiro voceiro do grupo socialista municipal, Pablo Couto López, con NIF 76366695W e con domicilio en r/ Reboredo, 18 15175 Carral,

#### **EXPÓN:**

Logo de adoptar o Pleno, na súa sesión ordinaria realizada o 30 de marzo de 2017, o acordo de aprobación inicial do expediente do orzamento xeral do Concello de Carral para 2017, en cumprimento do establecido no artigo 169.1) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante), exponse ao público polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL.

Sabendo que o voto do grupo socialista foi en contra da aprobación destes orzamentos e unha vez revisado, entendemos que debemos alegar en contra da partida:

170 63200 Edificios e outras construcións dentro de ADMINISTRACIÓN XERAL DO MEDIO AMBIENTE: dotada





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

con 36.518,78 €, para a construción da Aula da Natureza no polígono industrial de Os Capelos.

Como todos sabemos a construción desta aula nese lugar carece de sentido, ten visos de ser ilegal, de aí que no mes de novembro do 2016 fixésemos unha consulta á autoridade urbanística autonómica para que se pronunciase sobre a viabilidade legal desta actuación promovida dende a alcaldía. A día de hoxe non nos consta resposta a esta consulta, polo que sospeitamos que cando menos, a viabilidade da actuación non está nada clara.

Pero ademais do anterior, comprobamos que no proxecto: "Demolición parcial y Rehabilitación de Edificio para su uso como Aula de la Naturaleza", asinado polo arquitecto, D. José Manuel Alorcón Cainzo, que serve de base para a cuantificación económica da partida 170 63200 non existe ningunha partida para a urbanización da parcela e a realización dos accesos correspondentes.

Non nos consta que se solicitara o correspondente permiso preceptivo á Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia para a realización destas obras, pese a ser obrigatorio, xa que estas sitúanse dentro da Zona de Afección da estrada N-550. Este organismo poderá impoñer (a costa do Concello) as obras que estime necesarias para realizar un enlace seguro para tódolos usuarios da vía.

Visto o anterior e sabendo ademais que o proxecto on recolle as partidas necesarias para as obras de urbanización e accesos, e pol tanto non se pode considerar unha obra completa susceptible de ser entregada ao público para o seu uso, tal e como recolle o artigo 125 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, por el que se aprueba el Reglamento general de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas.

### SOLICITAMOS:

Se modifique o orzamento na partida correspondente a ADMINISTRACIÓN XERAL DE MEDIO AMBIENTE, eliminándose a partida 170 63200 para Edificios e outras construcións, xa que o importe consignado non é suficiente para a realización das obras e posta a disposición do público, ao non recoller a urbanización e accesos.

E se dedique o importe de 36.518,78, á contratación dunha brigada medioambiental e a mellora e sinalización de roteiros e zonas verdes.

En Carral, a 18 de abril de 2017

Asdo. Pablo Couto López

Voceiro grupo municipal socialista "

No expediente da sesión constan, asemade, os seguintes informes:

- Informe técnico emitido o 04 de maio de 2017 para o Concello polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez "sobre a alegación ao orzamento xeral do Concello de Carral para 2017" presentada polo grupo municipal socialista de Carral, e interesado pola Intervención do Concello, no que se conclúe: "(...) Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; infórmase que carece de sentido a modificación solicitada do orzamento polo grupo municipal socialista de Carral, nos termos indicados neste informe."
- Anexo ao devandito informe técnico, emitido o 16 de maio de 2017 para o Concello polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, no que se engade en canto á aula da natureza á que se refire a reclamación ao orzamento, que " (...) A obra non contempla a realización de obras de urbanización xa que as conexións aos servizos xa son existentes na parcela, e polo tanto non será necesario que o Concello realice ningunha actuación en canto á urbanización da parcela", e reitéranse as conclusións nos seguintes termos: "(...)Polo tanto,





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

*e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; infórmase que carece de sentido a modificación solicitada do orzamento polo grupo municipal socialista de Carral, nos termos indicados neste informe."*

- Informe da Interventora do Concello, emitido o 10 de maio de 2017, no que se conclúe que "(...) En conclusión, esta Intervención informa que, en base aos argumentos expostos, procedería en dereito a desestimación da reclamación presentada polo Grupo Municipal Socialista por non atoparse dentro dos motivos numerados no artigo 170.2 TRLRFL".

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 22 de maio de 2017 ditame desfavorable á reclamación (e, por tanto, favorable á súa desestimación e á aprobación de finitiva do orzamento xeral do Concello para 2017), en votación ordinaria, por cinco votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a tres votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto.

### DEBATE

O señor Alcalde explica que se presentou a citada reclamación ao orzamento.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que considera que a obra da aula da natureza que se pretende realizar non estaría completa, pois só contempla o arranxo e demolición de parte da vivenda, e no orzamento non se prevé partida para a urbanización, e que a zona arredor do chalé está en terra, con zahorra e con cárcavas que se enchen de auga, e coida que a sída á N550 é perigosa e con mala visibilidade. Por todo iso, opina que a obra non estaría completa no senso do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que, por tanto, non se podería entregar ao uso público nin licitar. Por todo o indicado, manifesta que propoñen, ou incrementar a partida correspondente, para realizar a urbanización, ou destinar a subvención á contratación dunha brigada, segundo as bases da convocatoria.

[Ás 12:07 horas incorpórase a señora Ramilo Varela á sesión].

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) explica que xa manifestou na comisión informativa que considera que a reclamación non ten sentido, pois a partida é para a aula da natureza, coma a subvención que se obtivo da Deputación ao efecto. Engade que o informe emitido polo arquitecto do Concello di que a alegación carece de sentido, e que non se contempla unha modificación do acceso, pois tal acceso xa existe. Asemade, o permiso de Estradas do Estado xa está concedido dende o ano pasado. Reitera que no orzamento se recolle o crédito necesario para o proxecto da aula da natureza, e que non está previsto facer modificacións do arredor da aula, pois, na súa opinión, xa ten acceso dende a estrada e unha zona de aparcadoiro, que non ten que estar aglomerada nun entorno natural.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta que no orzamento tampouco está incluído o crédito para facer camiños de pedra, que serían distintos de aglomerado, e pregunta se só se vai facer a obra relativa ao edificio e os arredores se van deixar en terra.

A señora duarte Gerpe resposta que está en zahorra, e que xa é accesible; engade que haberá que limpar o entornode materiais de obra e adecentalo, o que non implica necesariamente aglomerado. Reitera que no orzamento está contemplado o crédito necesario para a obra da aula da natureza.

O señor Couto López puntualiza que el non dixo que a obra non contase con permiso de Estradas do estado, senón que a eles non lles constaba. Engade que, segundo a normativa técnica aplicable, varían as condicións para as vivendas unifamiliares e os edificios públicos, que deben contar con prazas de aparcadoiro para discapacitados, e que non sabe como as farán. Reitera





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

que a obra pretendida lles parece un "sindiós" sen sentido, pois o entorno é un polígono industrial que non ten nada de natural. Coida que se se fírase o edificio e se deixase coma zona verde, igual sería outra cousa. Reitera que lle parece unha tolemia coma outras do equipo de goberno.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a reclamación ao orzamento, o Pleno rexéitaa, en votación ordinaria, por sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos a favor (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), adoptando os seguintes acordos:

1.- Proceder á desestimación da reclamación presentadas por non atoparse dentro dos motivos numerados no artigo 170.2 TRLRFL.

2.- Aprobar definitivamente o Orzamento do Concello de Carral para 2017, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, resumido por capítulos, para a súa entrada en vigor ao día seguinte a esta publicación

Queda tamén aprobado definitivamente o plantel ou catálogo de persoal funcionario e laboral que se achegou xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que tamén se publica no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (en cumprimento do artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, e remitírase unha copia á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O orzamento entrará en vigor logo de publicarse na forma prevista. Segundo o artigo 171.1 TRLRFL "Contra la aprobación definitiva del presupuesto podrá interponerse directamente recurso contencioso-administrativo, en la forma y plazos que establecen las normas de dicha jurisdicción."

### Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

### 3.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 27 de marzo de 2017 e o 22 de maio de 2017 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), ademais do decreto 77bis/2017, do 20 de marzo, que foi remitido con posterioridade pola Deputación, dos que se deu conta ao Pleno. Asemade, dáse conta dun reparo suspensivo da Intervención do Concello, e da resolución (nº 163/2017) adoptada pola Alcaldía contraria a aque, polos motivos que nela se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Nº	DATA	ASUNTO
77bis/2017	20/03/2017	Asunto: Resolución de recurso de reposición en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria
84/2017	27/03/2017	Asunto: Acordo de colaboración cos concellos de Abegondo, Betanzos, Coirós e Paderne para a solicitude á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dunha subvención para a posta en marcha do obradoiro de emprego "A dependencia: Emprego sostible".
85/2017	27/03/2017	Asunto: Aprobación nóminas mensuais e extraordinarias de marzo de 2017
86/2017	27/03/2017	Asunto: Axudas odontolóxicas, oftalmolóxicas e de estudos persoal do Concello (Arquitecto técnico, D. Francisco José Goyanes Fernández, marzo 2017)
87/2017	27/03/2017	Asunto: Aprobación e 2º pagamento aos Concellos de Prato (Italia) e Slupsk (Polonia) da achega correspondente ao programa ERASMUS+ 2014-2022.
87bis/2017	27/03/2017	Asunto: Inicio de expedientes sancionadores de tráfico
87ter/2017	27/03/2017	Asunto: Inicio de expediente sancionadores de tráfico
88/2017	28/03/2017	Asunto: Aprobación gastos de peto e manutención dos dous voluntarios no Concello de Carral no marco do programa ERASMUS+ 2014-2022 para o proxecto "EVS Carral: enjoy volunteering".
89/2017	28/03/2017	Asunto: Concesión urxente de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. Constantino Goyanes Lacueva
90/2017	28/03/2017	Asunto: Pagamento débeda executiva pendente ante a Xunta de Galicia (Augas de Galicia por canon de saneamento de 2011)
91/2017	29/03/2017	Asunto: Convenio cos concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne para a solicitude á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dunha subvención para a posta en marcha do obradoiro de emprego "Reserva de biosfera: Emprego sostible".
92/2017	29/03/2017	ASUNTO: Declaración de elevación a definitivo do acordo plenario provisorio de aprobación de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles (art. 17.3 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais-TRLRFL).
93/2017	29/03/2017	Asunto: Devolución de garantía definitiva constituída por Moncho Antelo Instalaciones, S.L. coma adxudicatario do contrato menor do servizo "Servizos deportivos, mantemento, control de accesos, socorrismo-sanitario" e cursiños de natación nas piscinas municipais (19 de xuño a 12 de setembro de 2010)
94/2017	29/03/2017	Asunto: Devolución de garantía definitiva constituída por Moncho Antelo Instalaciones, S.L. coma adxudicatario do contrato dos "Servizos deportivos, de mantemento, recepción, sanitario e socorrismo do Complexo Deportivo de Paleo e piscinas municipais" (febreiro a xuño de 2011)
95/2017	29/03/2017	Asunto: Devolución de garantía definitiva constituída por GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U. coma adxudicatario do contrato da obra "Adecuación de varios viais municipais no concello de Carral", financiada parcialmente mediante unha subvención da Axencia Galega de desenvolvemento Rural (Agader), concedida ao abeiro da convocatoria efectuada por medio da resolución do 20 de novembro de 2014 pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, no marco do PDR de Galicia 2007-2013.
96/2017	29/03/2017	Asunto: Devolución de garantía definitiva constituída por GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U. coma adxudicatario do contrato da obra "Intersección con carril central na N-550 para acceso a IES (Carral)", ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 4 de maio de 2015 entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para o





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

97/2017	30/03/2017	financiamento da obra. Asunto: Concesión urxente de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. Juan Manuel Rodríguez Gómez
98/2017	03/04/2017	Asunto: Concesión urxente de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. María Luisa vilar Regueira
99/2017	04/04/2017	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 7/2017
100/2017	04/04/2017	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (abril de 2017)
101/2017	04/04/2017	Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (abril de 2017)
102/2017	04/04/2017	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia -(febreiro de 2017)
103/2017	05/04/2017	Asunto: Concesión urxente de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Mercedes Gómez Ferreiro
104/2017	05/04/2017	Asunto: Persoamento no recurso de apelación presentado por Jesús M. Rodríguez Vieites e Juan M. Alfonso Méndez contra a sentenza ditada nos autos do 14 de febreiro de 2017 no P.O 5/2015 (XCA nº 4 A Coruña) e designación letrado.
104bis/2017	05/04/2017	Asunto:Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico
105/2017	06/05/2017	Asunto Convocatoria Xunta de Goberno Local, sesión 6/2017 Ordinaria
106/2017	06/04/2017	Asunto: Concesión urxente de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Josefina Mosquera Brea
107/2017	17/04/2017	Asunto: Aumento a xornada completa da xornada laboral do actual arquitecto municipal, don Félix Quijano Yáñez, coa adecuación das retribucións salariais totais.
108/2017	18/04/2017	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 6/2017)
109/2017	18/04/2017	Asunto: Solicitud a Deputación Provincial da Coruña de subvención para o PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2017 ao abeiro da convocatoria do Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2017.
110/2017	19/04/2017	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 8/2017
111/2017	20/04/2017	Asunto:Agrupación cos concellos de Cerceda e Tordoia para a solicitude dunha axuda á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017.
112/2017	21/04/2017	Asunto: Licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos nº 15 (Exp P.P. Wenceslao Oubiña Boado)
113/2017	21/04/2017	Asunto:Inscripción no rexistro de animais potencialmente perigosos nº 21 (Exp Standford- Yang- Wenceslao Oubiña Boado)
114/2017	21/04/2017	Asunto: Iniciación del expediente de contratación mixta,no sujeta a regulación armonizada, por procedimiento abierto (oferta económicamente más ventajosa, varios criterios de adjudicación), de carácter urgente, del suministro con instalación"Renovación y ampliación de parque infantil del Campo da Feira de Carral. Ayuntamiento de Carral "(financiado al 100%- 220.278,81 €- a través del Plan de Acción Social (PAS) 2015 de la Diputación Provincial de A Coruña).
115/2017	21/04/2017	Asunto: Aprobación e pagamento á Consellaría de Facenda da Xunta de





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Galicia de taxa por anuncio no DOG de licitación do contrato de subministración e instalación de "Renovación e ampliación do parque infantil do Campo da Feira de Carral" .

116/20107	21/04/2017	Asunto: Renovación licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos nº 14 (Exp P.P. Ramón Bravo Barreiro)
117/2017	21/04/2017	Asunto:Inscripción no rexistro de animais potencialmente perigosos nº 16 (Exp Rottweiler- Yanga- Ramón Bravo Barreiro)
118/2017	21/04/2017	Asunto:Inscripción no rexistro de animais potencialmente perigosos nº 17 (Exp Rottweiler- Evita- Ramón Bravo Barreiro)
119/2017	21/04/2017	Asunto:Inscripción no rexistro de animais potencialmente perigosos nº 18 (Exp Rottweiler- Tina- Ramón Bravo Barreiro)
120/2017	21/04/2017	Asunto:r Renovación inscrición no rexistro de animais potencialmente perigosos nº 19 (Exp Rottweiler- Turca- Ramón Bravo Barreiro)
121/2017	21/04/2017	Asunto: Renovación inscrición no rexistro de animais potencialmente perigosos nº 20 (Exp Rottweiler- Chirolo- Ramón Bravo Barreiro)
122/2017	21/04/2017	Asunto:r Baixas inscricións no rexistro de animais potencialmente perigosos (Exp -Jana, Bull, Thora, Bobby- Ramón Bravo Barreiro)
123/2017	21/04/2017	Asunto: Cambio de domicilio licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos nº 16 (Exp P.P. Jessica Otero Trigo)
124/2017	21/04/2017	Asunto:Inscripción no rexistro de animais potencialmente perigosos nº 22 (Exp Rottweiler- Apolo, Jessica Otero Trigo)
125/2017	21/04/2017	Asunto: Cambio de domicilio licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos nº 17 (Exp P.P. Ricardo David Romano)
126/2017	21/04/2017	Asunto: Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padrón taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (2015)
127/2017	24/04/2017	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. Juan Manuel Rodríguez Gómez
128/2017	24/04/2017	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Josefina Mosquera Brea
129/2017	25/04/2017	Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia (Consellaría de Política Social) de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal para o ano 2017.
130/2017	25/04/2017	Asunto: Designación do xurado do premio do XX Concurso de poesía "Concello de Carral"
131/2017	25/04/2017	Asunto: Concesión de ampliación de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Josefina Ponte Mosquera
132/2017	25/04/2017	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. José Iglesias garcía
133/2017	25/04/2017	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 7/2017)
134/2017	25/04/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Gestiones Inmobiliarias Esnero (EXP. LP 3/2017)
135/2017	25/04/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Ricardo Chas García (EXP. LP 4/2017)
136/2017	26/04/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Antonia Campelo Merelas (EXP. LP 5/2017)
137/2017	27/04/2017	Asunto: Aprobación nóminas mensuais de abril de 2017
137BIS/2017	27/04/2017	Asunto: Resolución de Inicio Porcedementos sancionadores de tráfico
138/2017	28/04/2017	Asunto: Aprobación e pagamento á Consellaría de Medio Ambiente da







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Xunta de Galicia de taxa por "Autorización para a realización de certames, concursos, exposicións" (Festa do Pan) .

- |          |            |  |
|----------|------------|--|
| 139/2017 | 02/05/2017 | Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as Manuel Prego Pardo (EXP. LP 6/2017)   |
| 140/2017 | 02/05/2017 | Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia -(marzo de 2017)   |
| 141/2017 | 03/05/2014 | Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por autorización para realización de revisión médica e asistencia a curso (art. 14 g) Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público) os días 04 e 08 de maio de 2017, respectivamente. |
| 142/2017 | 03/05/2017 | Asunto: Acordo de colaboración cos concellos de Abegondo, Betanzos, Coirós e Paderne para a solicitude á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dunha subvención para a posta en marcha do obradoiro de emprego "Emprendemento xuvenil".                         |
| 143/2017 | 03/05/2017 | Asunto: Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padrón auga-sumidoiros-depuración- canon da auga 4º trimestre 2016   |
| 144/2017 | 03/05/2017 | Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (maio de 2017)   |
| 145/2017 | 04/05/2017 | Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Carmen Candal Bergondo   |
| 146/2017 | 04/05/2017 | Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Josefa Taibo Ínsua   |
| 147/2017 | 05/05/2017 | Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca EXPINM RDYCOR, SL (EXP. LP 7/2017)   |
| 148/2017 | 05/05/2017 | Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Manuel Trigo Martínez (EXP. LP 8/2017)   |
| 149/2017 | 05/05/2017 | Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Emilio Antonio Rodríguez Ínsua (EXP. LP 9/2017)  |
| 150/2017 | 05/05/2017 | Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 8/2017)  |
| 151/2017 | 05/05/2017 | Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (maio de 2017)   |
| 152/2017 | 09/05/2017 | Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as Dª. María Ferreiro Suárez (EXP. LP 10/2017)   |
| 153/2017 | 09/05/2017 | Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Ángel López Blanco (EXP. LP 11/2017)   |
| 154/2017 | 09/05/2017 | Asunto: Redución horaria semanal na prestación do servizo de axuda no fogar de D. Juan Manuel Rodríguez Gómez  |
| 155/2017 | 10/05/2017 | Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 9/2017  |
| 156/2017 | 11/05/2017 | Asunto Convocatoria Xunta de Goberno Local, sesión 7/2017 Ordinaria  |
| 157/2017 | 11/05/2017 | Asunto: Iniciación do expediente de contratación da obra "Mellora estrada Abrigosa-Fonte Moura", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.  |
| 158/2017 | 11/05/2017 | Asunto: Iniciación do expediente de contratación da obra "Mellora de estrada municipal en Bulleiros. Concello de Carral", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.                         |





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

159/2017	11/05/2017	Asunto: Iniciación do expediente de contratación da obra "Mellora de vias e de seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.
160/2017	11/05/2017	Asunto: Iniciación do expediente de contratación da obra "Mellora de estrada municipal en Pedrido. Concello de Carral", ao abeiro do Plan de Acción Social (PAS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña.
161/2017	11/05/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 7/2017
162/2017	12/05/2017	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso para concorrer a exames finais (art. 111 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia) os días 16 a 19 de maio de 2017, e por vacacións (01 a 16 de xullo de 2017, e 27 de outubro a 06 de novembro de 2017) .
163/2017	12/05/2017	Asunto: Levantamento de reparo suspensivo 3/2017, emitido no tocante ao recoñecemento da obriga de relación de facturas proposta pola Alcaldía o 09 de maio de 2017, por importe de 26.882,82 €.
164/2017	12/05/2017	Asunto: Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.3/2017, X.C. 1/2017.
165/2017	12/05/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Gestiones Inmobiliarias Esnero, SL (EXP. LP 12/2017)
166/2017	12/05/2017	Asunto: Concesión de tarxeta de estacionamento para persoa con discapacidade D. José Manuel Díaz Diz.
167/2017	12/05/2017	Asunto: Concesión de tarxeta de estacionamento para persoa con discapacidade Dª. María Pilar Gómez Roel.
168/2017	12/05/2017	Asunto: Concesión de tarxeta de estacionamento para persoa con discapacidade Dª. Anuncia Barbeito Reboredo.
169/2017	15/05/2017	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Regina Martínez García
170/2017	16/05/2017	Asunto: Convocatoria comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno 4/2017 Ordinaria.
171/2017	16/05/2017	Asunto: Aprobación das bases de selección que rexerán a elaboración dunha listaxe para a contratación dun traballador de obras públicas para a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais subvencionada pola Deputación da Coruña ao abeiro do Programa de Integración Laboral dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes durante a anualidade 2017 (PEL-CONCELLOS).
172/2017	16/05/2017	Asunto: Aprobación das bases de selección que rexerán a elaboración dunha listaxe para a contratación de dous traballadores de obras públicas para a cuadrilla de obras e servizos municipais subvencionada pola Deputación da Coruña ao abeiro do Programa de Integración Laboral dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes durante a anualidade 2017 (PEL-CONCELLOS).
173/2017	22/05/2017	Asunto: Convocatoria Pleno 4/2017 Ordinaria (25/05/2017)

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) indica que quere facer unha pregunta en relación aos decretos 157, 158 e 160, referentes á contratación de obras das estradas de Abrigosa-Fontemoura, Bulleiros (ambas do POS 2016) e Pedrido (PAS 2015). Explica que van ser por procedemento negociado, con invitacións a Canarga, López Cao, Arias e Candal e pregunta "se non hai máis amigos, para variar un pouco", pois "é aburrido ver sempre ás mesmas





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

empresas".

O señor Alcalde resposta que son as que máis traballan por aquí, e que son cercanas e o fan ben. Explica que, en calquera caso, os anuncios dos contratos están no perfil de contratante do Concello, e que se poden presentar as empresas que queiran, e as súas asociacións normalmente lles mandan unha circular informativa. Engade que, se o señor Bergondo ten algunha outra empresa amiga, non pasa nada, que tamén a invitan.

O señor Bergondo Trillo resposta que, por desgraza, el non ten amigos construtores.

### 4.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que os señores voceiros dos grupos municipais mixto/ACC e do PSdeG-PSOE indican que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presentan tales grupos municipais.

#### 4.1.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON para "a mellora do transporte no noso concello".

#### EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

"Asemblea Cidadá de Carral  
Grupo Municipal  
Concello de Carral

#### Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL

O concello de Carral atópase a unha distancia de 18 km de A Coruña. Dende o concello debemos tratar de fomentalo e melloralo, tanto para @s que vivimos nel coma para @s que nos veñen a visitar ....unha das maneiras é a través dos medios de comunicación, un deles o autobús.

Podemos tratar este asunto dende odus puntos de vista, o destino ou os horarios:

En canto a destinos podemos describir a situación deste xeito: Estamos rodeados polos concellos de Abegondo, Cambre, Culleredo, Cerceda, Ordes e so podemos usar este medio de transporte para achegarnos a dous deles con certa normalidade a outro tres veces o día no caso de Cambre e Cerceda, é un pouco máis difícil, hai que facer número...

Por outra banda, en canto os horarios... Por Carral pasan dúas compañías principais de transporte e estas pasan cunha diferenza de 10 minutos á mesma hora, non habento durante 1 hora ningún medio de transporte mais que o coche propio ou pillar un taxi. Isto de luns a venres, porque se nos referimos ó fin de semana, twempo no que mais xente se podería achegar os nosos fermosos espazos verdes, percorrer os nosos roteiros, non hai desperdizo....cada 2 horas temos un autobús que saia ou chegue o noso concello e o último sae as 9:10 polo que se alguén pensaba en cear no noso concello xa pode empezar as 7:30 para que lle de tempo.

Dende a Asemblea de Carral queríamos lembrar o equipo de goberno que non tod@s dispoñemos de cohe e que así non fomentamos para nada o noso concello. Pensamos que deberíanse trocar os horarios da semana laboral e aumentar os do fin de semana.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

### SOLICITAMOS

1. Facer unha análise real entre a veciñanza sobre as necesidades reais para a mellora dos horarios.
2. Presentar ante a Consellería correspondente unha solicitude para a modificación dos horarios ó proposto pola veciñanza se así correspondera.

Carral, a 25 de maio de 2017

César Bergondo

**Voceiro Asemblea Cidadá de Carral.**

"

O señor Bergondo Trillo opina que os destinos e horarios das liñas de autobuses que pasan por Carral non se axeitan ás necesidades actuais e futuras, como, por exemplo, para facer roteiros os sábados, domingos ou festivos. Considera que habería que tratar mellor tales horarios e destinos, preguntando nas parroquias para que se opine sobre os mellores horarios, para despois trasladalo á Xunta.

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) manifesta que o seu grupo considera interesante a proposta, mais que non votarán a favor porque o señor Alcalde xa está traballando con técnicos e alcaldes doutros concellos sobre como mellorar estes temas, dende xaneiro e febreiro deste ano. Engade que o seu grupo tamén tiña unha moción para presentar ao respecto, mais non o fixeron porque o Alcalde xa está a traballar niso. Indica que pretenden que algúns autobuses (polo menos dous, como viñan facendo, e os demais tamén) poidan entrar no casco urbano da Coruña, até Entrexardíns ou a Praza de Ourense, mais que o equipo de goberno do concello herculino pretende que vaian á estación de autobuses.

O señor Bergondo Trillo pregunta se faloron coa xente sobre que cambios queren facer, ao que o señor Alcalde resposta que se falou cos veciños de San Vicente, Sumio e Carral. Engade o señor Alcalde que agradece que se dean conta das necesidades, mais xa se está a traballar en relación a elas. Explica que é difícil mudar horarios, xa que os dos autobuses que veñen de Santiago afectan tamén ao aeroporto. Explica que Carral (o Alcalde e a técnica de medio ambiente normalmente) asiste ás mesas do Transporte Metropolitano da Xunta de Galicia cos concellos da contorna, e que normalmente as convoca e redacta as actas Culleredo, co seu técnico Javier Varela Tejedor. Indica que leva a tales mesas inquedaanzas coma as propostas de ampliación a San Vicente ou de cambios en Sumio, e explica que nuns anos voltarán sair a concesión as liñas, e por iso é o momento. Tamén apunta que Sada, Betanzos, Oleiros, Culleredo ou Cambre están con Carral nesas temas.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) opina que a cuestión dos buses á Coruña lle parece un enfrontamento entre a Marea e o PP, mais que o pobo debería estar por riba diso. Pregúntase se a Xunta pretende que todos os autobuses entren até Entrexardíns ou a Praza de Ourense, aínda que veñan de Vigo ou de Ponferrada. Pide que deixen os temas partidistas e que se traballe polo ben dos veciños da área metropolitana, dentro dun termo medio duns 25 quilómetros.

O señor Alcalde replica que na reunión á que asistiu o día anterior só se referiron á posibilidade de que entren os autobuses do Transporte Metropolitano, os susceptibles de usar a tarxeta, o que suporía que se pasase de 17 a 47. Manifesta que hai estudos en canto á saturación que superan as liñas, comparándoas co transporte escolar, ao entrar por Alfonso Molina, As Xubias ou a Praza de Pontevedra dende a comarca de Carballo, e que non entenden que unha licenza entre Administracións poida levar tanto tempo. Explica que a concellaría de mobilidade da Coruña estaba de acordo mais que, ao saír da reunión, dixo que tiña que falalo e analizar coa Policía





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Local se nalgún punto concreto coincidía algún bus e non podería entrar. Engade que, no resto, están de acordo, mais que ten que solucionar os problemas co transporte urbano o que ten as competencias correspondentes, que é o Concello da Coruña. Engade que tamén hai intereses creados en relación aos taxis e o transporte urbano, en relación aos traslados dende a Estación de Autobuses. Por último, manifesta que dende Carral queren dar facilidades aos nosos veciños, mais que será o Concello da Coruña o que decida se permiten ou non, mais coida que o normal é que dean a licenza.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada con sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos a favor (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), polo que non se pasa ao seu ulterior debate e votación.

**4.2.-Mocións do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a "reprobación da Señora Concelleira de Traballo e do Sr. Alcalde pola perda de case a metade da subvención para a contratación de persoal dentro do PEL do ano 2016 da Deputación de A Coruña".**

### EXPOSICIÓN

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE presentou por escrito as mocións cuxo texto se transcribe a continuación:

#### GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CARRAL

O Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do pleno a seguinte **MOCIÓN: Reprobación da Sra. Concelleira de Traballo pola perda de case a metade da subvención para a contratación de persoal dentro PEL do ano 2016 da Deputación da Coruña.**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pleno do pasado mes de xaneiro, o grupo municipal socialista presentou unha pregunta sobre a contratación da Brigada Municipal de Obtas realizada a través do PEL (plan de emprego local) do pasado ano 2016 da Deputación de A Coruña. A pregunta viña motivada polo feito de que o número de persoas contratadas, tres, e o tempo de traballo, catro meeses, non era suficiente para esgotar a subvención aportada dentro do PEL, 37.000 €.

A resposta da alcaldía foi que non dispoñía de datos suficientes nese momento e que si se confirmaban as sospeitas do grupo socialista o feito sería moi grave, a Concelleira de Traballo nin sequera se pronunciou sobre o asunto.

Claro que sería moi grave, sería gravísimo, xa que nestes momentos a principal preocupación de calquera dirixente público debe ser o emprego, e máis nun concello como o de Carral, que sometido o Plan de Estabilidade Presupuestaria do Ministerio de Hacienda non pode contratar ningún persoal, salvo que sexa subvencionado, como é o caso.

Pois ben, as sospeitas do grupo socialista confirmáronse, e o Concello de carral só xustifica pouco máis da metade da subvención, en concreto 21.673,68 €, segundo certifica o secretario do Concello o 25 de abril do presente ano, perdéndose o resito da subvención (tal e como recollen as bases, só se aboará o xustificado). Peron non só se perderon cartos, perdeuse a oportunidade de que traballara mais xente, que se traballara máis meses, en definitiva, de novo a mala xestión e a falta de traballo e responsabilidade do goberno popular privou a veciños e veciñas de Carral dun posto de traballo, que nestes tempos supón un feito de extrema gravidade.

Por todo o anterior, propoñemos ó Pleno Municipal que se adopten os seguintes:





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

### ACORDOS:

-Reprobar á Sr. Concelleira de Traballo pola falta de responsabilidade nas xestións realizadas na petición da subvención para a contratación de persoal dentro do Plan de Emprego Local (PEL) do ano 2016 e que supuxo a perda dunha importante parte de dita subvención.

-Que se informe do presente acordo e se publique nos medios de comunicación municipais.

En Carral, a 22 de maio de 2017

Pablo Couto López

Voceiro grupo municipal socialista".

### GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CARRAL

O Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do pleno a seguinte **MOCIÓN: Reprobación do Sr. Alcalde pola perda de case a metade da subvención para a contratación de persoal dentro PEL do ano 2016 da Deputación da Coruña.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pleno do pasado mes de xaneiro, o grupo municipal socialista presentou unha pregunta sobre a contratación da Brigada Municipal de Obtás realizada a través do PEL (plan de emprego local) do pasado ano 2016 da Deputación de A Coruña. A pregunta viña motivada polo feito de que o número de persoas contratadas, tres, e o tempo de traballo, catro meses, non era suficiente para esgotar a subvención aportada dentro do PEL, 37.000 €.

A resposta da alcaldía foi que non dispoñía de datos suficientes nese momento e que si se confirmaban as sospeitas do grupo socialista o feito sería moi grave, a Concelleira de Traballo nin sequera se pronunciou sobre o asunto.

Claro que sería moi grave, sería gravísimo, xa que nestes momentos a principal preocupación de calquera dirixente público debe ser o emprego, e máis nun concello como o de Carral, que sometido o Plan de Estabilidade Presupuestaria do Ministerio de Hacienda non pode contratar ningún persoal, salvo que sexa subvencionado, como é o caso.

Pois ben, as sospeitas do grupo socialista confirmáronse, e o Concello de carral só xustifica pouco máis da metade da subvención, en concreto 21.673.68 €, segundo certifica o secretario do Concello o 25 de abril do presente ano, perdéndose o resito da subvención (tal e como recollen as bases, só se aboará o xustificado). Peron non só se perderon cartos, perdeuse a oportunidade de que traballara mais xente, que se traballara máis meses, en definitiva, de novo a mala xestión e a falta de traballo e responsabilidade do goberno popular privou a veciños e veciñas de Carral dun posto de traballo, que nestes tempos supón un feito de extrema gravidade.

Por todo o anterior, propoñemos ó Pleno Municipal que se adopten os seguintes:

### ACORDOS:

-Reprobar ó Sr. Alcalde pola falta de responsabilidade nas xestións realizadas na petición da subvención para a contratación de persoal dentro do Plan de Emprego Local (PEL) do ano 2016 e que supuxo a perda dunha importante parte de dita subvención.

-Que se informe do presente acordo e se publique nos medios de comunicación municipais.

En Carral, a 22 de maio de 2017





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Pablo Couto López

Voceiro grupo municipal socialista".

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que pretenden "dar un tirón de orellas" ao Alcalde, por algo que pasou e do que xa falaram no pleno de xaneiro, ao non esgotar os cartos da subvención destinada ao Plande Emprego Local da Deputación. Manifesta que este foi o único concello da provincia que devolveu case a metade da subvención, e que na Deputación estaban "alucinados". Opina que dende o 17 de xuño daba tempo para gastar case 36.000 €, mais que a primeira contratación se fixo en setembro, e non polo que dixo o Alcalde no Metroplano de que non había xente para peóns entre mulleres, parados de longa duración, ou vítimas da violencia de xénero, pois había xente de sobra para contratar. Parécelle gravísimo, especialmente en Carral ao estar sometido a un plan de axuste, e coida que debería ter sido un fin prioritario do equipo de goberno para poder ter contratado a dúas ou tres persoas máis de Carral en paro. Engade que non entende por que non estaba traballando a xente xa o 17 de xuño, especialmente tendo en conta que, na súa opinión, a Deputación é benévola coas modificacións nos plans. Indica que a subvención sae cuns 37.000 €, mais que se peden arredor de 35.000 €. Opina que habería que subir a cada empregado uns 60 ou 70 euros para chegar a aqueles 37.000 €, e que iso o fai un programa informático. Parécelle gravísimo deixar escapar uns 15.000 €, e coida que a concelleira de Traballo debería estar pendente disto e non co chaleco de Protección Civil, e espera que non volte pasar algo así.

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) resposta que entende o que di, mais coida que é un problema da Deputación, e pide ao señor Couto que axude para que non pase. Explica que non se pode contratar sen ter a subvención definitivamente concedida [o señor Couto manifesta que xa o estaba o 17 de xuño e o señor Alcalde pídelles que non interrompa]. A señora Duarte engade que non é un problema so desta subvención polo que a Deputación tarda en rezolver definitivamente, que obriga a perder parte, pois non se pode contratar ao momento, xa que hai que solicitar unha oferta ao INEM e facer un tribunal, o que pode levar case un mes. Engade que non é un reproche, mais que as convocatorias teñen que saír antes. Manifesta que é unha impotencia perder parte dalgunhas subvencións porque se convocan tarde ou se resoven en épocas como en xuño, cando empeza a estar o persoal de vacacións neste concello e nas demais Administracións, polo que poden pasar até dous meses ata contratar. Engade que o que se lle paga ao persoal non é por cálculos ao chou, e tampouco se poden establecer soldos de 3.000 € ao mes para gastar por gastar. Asemade, indica que tamén hai que ter en conta o tempo de contrato que tamén pode implicar axudas do paro, polo que todo vai enlazado e depende de cando se convocan as subvencións. Por último, indica ao señor Couto que non se preocupe pola súa condición de voluntaria de Protección Civil.

O señor Couto replícalle que o seu traballo é no Concello, ao que a señora Duarte Gerpe resposta que ten unha adicación do 70%, mais que fai moito máis traballo do que lle corresponde, e que, ademais, atende emerxencias as 24 horas, polo que non consinte que se meta co seu traballo en Protección Civil.

O señor Couto coida que lle dá a volta ás cousas, ao que o señor Alcalde lle resposta que quen iniciou o tema de Protección Civil foi el, e que debería pensalo antes.

A señora Duarte engade que estamos nun pleno, no que o Secretario recolle o que dixo, e que ela ten que respostar, ou quen lea a acta en 25 anos pensará que non lle contestan. Suxírelle ao señor Couto que pense o que pregunta, e pídelles "de boa maneira" que, xa que traballa na Deputación, traballe dende alí para que as subvencións non obriguen a perder cartos, coma no caso do POS de 2017, no que indica que Carral perdeu 96.000 € con respecto ao ano anterior.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

O señor Couto resposta que é o único concello que se queixou e explica que máis tarde no ano virán máis cartos.

A señora Duarte engade que antes se percibían 6.000 € para realizar charlas no Instituto co programa "Educando en valores", que xa non temos; uns 4.000-5.000 € para "Envellecemento activo", para as novas tecnoloxías para maiores ou ximnasia para a terceira idade, e que agora todo corre a cargo do Concello; da Festa do Pan quitaron uns 2.000 €; das escolas deportivas e culturais tamén quitaron, e todo sumando até uns 96.000 €. Pide ao señor Couto que aproveite o tempo e mire polo Concello e os veciños de Carral, e que aproveite as oportunidades, pois garántelle que o equipo de goberno fará o seu traballo. Por outra banda, pede que saquen axudas para a adquisición de vehículos novos, que son tan necesarios, e que axude a traballar.

O señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON) pídlle á señora Duarte que non diga que traballa máis horas cás que corresponden á súa adicación do 70%, pois serían horas extra sen pagar e poderíamos ir á cadea. Pregunta, máis alá das bromas, se se fixo unha protesta oficial á Deputación por sacar tarde as convocatorias e, por outra banda, lembra que este tema xa saíu en xaneiro, e que cre que dixeron que todos os cartos estaban gastados, polo que lles pede que non mintan no Pleno, e que digan que contestarán cando o saiban.

O señor Couto manifesta que a señora Duarte lle deu a volta ao asunto para convertilo nunha protesta contra a Deputación sen moito sentido. Reitera que non entende por que se contrata o 1 de setembro cando, na súa opinión, se podía dende o 17 de xuño, pois se podía ter feito a selección antes. Indica que, por exemplo, Abegondo contratou a 5 persoas, ou Oza a 9. Opina que en Carral non se pode tardar dosu meses e medio en contratar, e dicir que é culpa da Deputación. Manifesta que lle parece increíble que se diga que o equipo de goberno fixo ben o seu traballo, e opina que merece un "tirón de orellas", sobre todo porque o mesmo Alcalde dixo que sería gravísimo non gastar todos os cartos, e porque a realidade é, na súa opinión, que quen puido ter aos traballadores non o fixo.

A señora Duarte dá ás grazas ao señor Bergondo por entender que, para poder traballar cunha subvención, ten que estar concedida por escrito, ao que o señor Couto replica que coa aprobación no BOP é suficiente e que o 15 de setembro se mandou o primeiro pagamento, polo que, se a partida orzamentaría ten que existir, pregunta que modificación de crédito se fixo.

O señor Alcalde clarexa que cando falou en xaneiro dixo que sempre cumpría e descoñecía que non se puidese esgotar. Engade que a señora interventora dixo que non se pode contratar se non hai un documento oficial e que outros concellos igual confían no BOP, mais que el "ten dous habilitados que non lle deixan". Indica que, ás veces, na Deputación non saen as cousas como un quere, mais tería a capacidade para facer un plan plurianual para que os concellos poidan contar con que van ter partida e poidan contratar e xustificar. Opina que sería unha opción que a Deputación se comprometese, aínda que houbese que esperar á incorporación de remanentes. Por outra banda, considera unha aberración contratar nove persoas con 37.000 €, e explica que o concelleiro de obras lle transmite que é mellor que non veñan persoas a media xornada pois, por mota vontade que teñan, teñen que marchar cedo e trasladalos. Coida que a partida tampouco dá para máis. Manifesta que non se exime de responsabilidade, mais que non se puido legalmente esgotar a partida, e indica que nesta vez probablemente tampouco se poida. Tamén manifesta que as retribucións teñen que ser segundo convenio, e que non vale engadir sete euros se non coincide. Reitera que a cantidade que se perdeu foi porque, mentres non chegue o documento oficial, non se pode xerar crédito nin iniciar a contratación, e que o ano pasado coincidiu co verán. Coida que está na man do señor Couto tentar que esas subvencións sexan plurianuais. Por último, puntualiza que o grupo do PP votou en contra do plan único, así como moitos concellos, non só do PP, e indica que, agás oito ou nove, todos reciben menos diñeiro.







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I*

*www.carral.es*

O señor Couto reitera que vai haber unha segunda volta e o señor Alcalde replica que, mentras, non se pode xerar crédito e que, aínda que haxa vontade e boa fe, os habilitados non cren niso.

A señora Blanco Fidalgo (grupo municipal do PSdeG-PSOE) indica que dende o 22 de xuño de 2016 xa se podía contratar, pois a publicación da aprobación no BOP serve coma notificación e é suficiente a tales efectos.

A señora Interventora indica que si, mais que até que non se publica no BOP non cabe a emisión de certificación de existencia de crédito, e sen esta sería nula a contratación.

A señora Blanco manifesta que está aprobado no BOP, que non é verdade o que dixeron, e que non se inventen os artigos do BOP, porque eles saben ler.

O señor Bergondo manifesta que el tamén coida que non se debe mentir no Pleno.

A señora Duarte reitera que no pleno no que o señor Alcalde dixo que se esgotaría a partida, díxoo automaticamente, e non tiña constancia de que non daba tempo a contratar.

A señora Blanco replica que puido clarexalo e o señor Alcalde manifesta que o asume.

A señora Duarte tamén propón que, se a Deputación non dá feito, faga unha ampliación para a contratación até xaneiro ou febreiro.

O señor Bergondo pregunta por que non se remite unha carta ao respecto á Deputación, mentres a señora Duarte coida que o pode transmitir o señor Couto.

O señor Couto explica que se está a traballar para solventar esas cestións, mais que non hai explicación para o feito de que houbo 2 meses nos que non puideron traballar desempregados, e que alguén se trabucou, pois Carral foi o único concello ao que lle pasou.

O señor Alcalde manifesta que, se a reprobación é polo que dixo no pleno de xaneiro, xa está, e indica que se tentará facer as contratacións o antes que se poida, e se transmitirán todas estas suxestións á Deputación.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia das mocións, esta é rexeitada con sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos a favor (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), polo que non se pasa ao seu ulterior debate e votación.

### **5.-ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **5.1.-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)**

1.- O señor Bergondo Trillo manifesta que na rúa Francisco Alvajar hai socavóns e pede que, xa que hai un camiión do Concello que anda con alcatrán, faga unha parada alí para facer recheos, aínda que sabe que a rúa se arranxará posteriormente.

2.-O señor Bergondo Trillo manifesta que oi que o electricista se vai xubilar este ano, e pregunta se se vai cubrir a praza.

3.-O señor Bergondo Trillo pregunta onde vai ir Protección Civil candos e faga a obra da aula da





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira. nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

natureza.

### 5.2.- Pregunta do señor Orgeira Campelo (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

1.- O señor Orgeira Campelo pregunta, en relación ao que dixo o señor Alcalde en canto a que houbo unha reunión cos veciños de Sumio para tratar do autobús, cando, como e con quen se realizou, ou se so falou individualmente con algúns.

### 5.3.-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde explica que a obra da rúa Alvajar vai saír a contratación, aínda que tardará, polo que haberá que botar man do bacheo.

En relación ao electricista, indica que non sabe que se xubila, mais explica que, tendo en conta que as 650 bombillas financiadas polo IDAE teñen unha garantía de dez anos, e que pode haber algunha outra axuda similar de Industria para eliminar o tanto alzado, quizais se poida amortizar a praza e contratar a unha empresa. O señor Bergondo indica que el fixo unha "porra" apostando por que ía contratar a unha empresa privada, e que haberá que ver quen acerta. O señor Alcalde replica que existen pros e contras en relación ás empresas e o persoal municipal. Opina que contratar persoal municipal é moi positivo, mais hai normas, por exemplo, para as escaleiras de máis de dez metros de alto, ou de titulación, e que por iso pode ser que non se lle quite todo o proveito agora a ter un electricista, un camión con cesta e material na nave. Por outra banda, en canto á contratación de empresas, indica que ten amigos con empresas e outras que non coñece, e que se contrata á que mellor sexa.

En relación á aula da natureza, indica que non sabe que material hai alí, mais que quedaría no depósito ou noutro sitio.

En canto a Barcia, explica que se consultou aos usuarios dos buses das sete e das oito de Ponte Lago, Quembre, Barcia, Esperante e Salgueiros, ademais dalgún estudante, e que todos opinaro que era mellor trasladar o autobús das 8 ás 7, ao darlles a elixir entre as opcións ofrecidas pola Xunta e ASICASA.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 13 horas e 03 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de dezaioito páxinas numeradas do un ao dezaioito , e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourino

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval